



Acordo da Comisión Delegada da FGA

Data: Martes, 11 de maio de 2021

Carácter: Telemática (Councilbox)

Convocada: Polo presidente da FGA, conforme ao artigo 29º dos estatutos da FGA.

Motivo: Modificacións do orzamentos da FGA 2021

Órgano competente: Comisión Delegada, conforme ao artigo 20º dos estatutos da FGA, previo informe da Xunta Directiva

Xustificación da proposta: A última Asemblea Xeral Ordinaria da FGA aprobou os orzamentos correspondentes á tempada 2021. No apartado de “compras”, destináronse 3.500 euros, sen contar os 15.000 euros, computados ao exercicio 2020 para a renovación dos uniformes do Comité Galego de Xuíces. Dita cantidade de 3.500 euros, a raíz da rotura de varios artefactos, entre outros, é insuficiente para afrontar compras de material de competicións solicitado polas delegacións da FGA para desenvolver con normalidade, tanto os Campionatos de Galicia, controis, como o resto de probas organizadas polos clubs.

Por outra banda, debido á outorgar prioridade á actividade deportiva, tanto na organización dos Campionatos de Galicia como ás convocatorias da Selección Galega, non se poido consignar respaldo orzamentario para desenvolver xornadas de concentracións nin material de adestramento no capítulo do “Plan Galego de Tecnificación Atlética (PGTA)”.

Pero, debido á favorable evolución do numero de licenzas dos diferentes estamentos e ao froito das xestións feitas, ata o momento, con diferentes concellos galegos solicitando a súa colaboración orzamentaria para a celebración dos campionatos de Galicia, pódese constatar un incremento dos ingresos, ata o día de hoxe, en torno a 17.000 euros, en números redondos.

Proposta da Xunta Directiva:

1. Destinar 5.000 euros ao capítulo de “compras” para complementar a cantidade aprobada (3.500).
2. Destinar 12.000 euros para reactivar o Plan Galego de Tecnificación Atlética 2021 .

Integrantes da Comisión Delegada que votaron:

Isidoro Hornillos Baz; Asociación Deportiva Atlética do Sil; Club Carmelitas Ourense; Club Marineda Atlético; Lugo Running Club by Ramos Lourés; Sociedad Gimnástica de Pontevedra; José Vicente Veiga Doldán; Guillermo Sandino Leira; Óscar José Seoane Vázquez; Víctor Pérez Currás

Resultados da votación: 9 votos a favor da proposta e 1 en contra.

Acordo adoptado: Destinar 5.000 euros ao capítulo de “compras” para complementar a cantidade aprobada (3.500) e 12.000 euros para reactivar o Plan Galego de Tecnificación Atlética 2021 .

A Coruña, a 11 de maio de 2021